



TAXAS DA MATRÍCULA OFICIAL • CURSO 2009-2010

Decreto 147/2006 do 31 de agosto (DOG do 08/09/2006) que modifica o Decreto 156/2002 do 18 de abril (DOG do 03/05/2002)

INSTRUCCIÓN PARA O PAGAMENTO DE TAXAS

1. Antes de nada, lea atentamente este documento. Se, aínda así, ten algunha dúbida, consúltea na secretaría da EOI antes de efectuar o pagamento. En calquera caso, non faga o pagamento se non ten asegurada unha praza no curso e idioma escollidos.
2. Consigne a seguinte información na cabeceira da folla de liquidación:

Centro académico: Escola Oficial de Idiomas	Cód.:	07
Localidade: Santiago de Compostela	Delegación de: A Coruña	Cód.: 10
Servizo: Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Cód.:	03

3. Consigne os importes na banda correspondente da folla de liquidación segundo a táboa que ten no reverso. Comprobe ben os importes que vai aboar, xa que *o centro non poderá devolver as cantidades incorrectamente ingresadas*.
 Deberá acreditar documentalmente con copia e orixinal o dereito ás exencións e descontos.
4. **EFFECTÚE O INGRESO DO IMPORTE DA MATRÍCULA** en calquera das entidades bancarias que figuran ao pé da folla de liquidación.
 Conserve o "Exemplar para o interesado" (*copia branca*), pois servirlle de xustificante e pódelle ser necesario para algúns trámites. Entregue o *Exemplar para o órgano xestor* (copia amarela) xunto coa documentación da matrícula na secretaría.
5. **TAMÉN PODE EFECTUAR O PAGAMENTO POR INTERNET:**
 O pagamento das taxas por Internet poderá facerse a través das seguintes páxinas web:

<http://www.xuntaeco.org>

<http://www.economiaefacenda.org>

PASOS QUE CÓMPRE SEGUIR PARA O PAGAMENTO POR INTERNET:

1. Entre en calquera das dúas páxinas indicadas.
2. Seleccione **TRIBUTARIA**
3. Seleccione **ENTRAR A SERVIZOS DE ACCESO LIBRE**
4. Seleccione **ENTRAR NA OFICINA VIRTUAL** (botón á dereita da pantalla)
5. Seleccione **TAXAS, PREZOS, MULTAS, SANCIÓN**S (no menú da esquerda da pantalla)
6. Seleccione **Pago telemático de taxas e prezos**
7. Seleccione **INICIAR O PROCESO DE PAGAMENTO**
8. No formulario, seleccione:


Consellaría: Educación e Ordenación Universitaria **(07)**

Servizo: Ensino Medio **(003)**

Delegación: A Coruña **(10)**

Taxa: Escolas Oficiais de Idiomas **(350800)**

Logo de cubrir e validar o correspondente formulario seguindo o proceso indicado, deberase imprimir e presentar copia do mesmo na secretaría do centro para a súa comprobación e formalización da matrícula. Para que este trámite teña validez, deberá asegurarse de que o cuestionario foi correctamente cuberto e aceptado pola entidade que o tramita. Posteriormente a secretaría do centro procederá a contrastar os datos do pagamento a través da Consellaría de Economía e Facenda.



PREZOS PÚBLICOS: TAXAS DA MATRÍCULA

Decreto 147/2006 do 31 de agosto (DOG do 08/09/2006) que modifica o Decreto 156/2002 do 18 de abril (DOG do 03/05/2002)

Alumnado novo (matricúlase por 1º vez nunha EOI)			TOTAL
Alumnado sen dereito á exención	APERTURA EXPEDIENTE	19 €	100 €
	SERVIZOS XERAIS	11 €	
	IMPORTE POR IDIOMA	70 €	
Familia numerosa de categoría xeral	APERTURA EXPEDIENTE	9,50 €	50 €
	SERVIZOS XERAIS	5,50 €	
	IMPORTE POR IDIOMA	35	
FUNCIONARIOS/AS e persoal laboral en activo da Consellaría de Educación e O.U. e universidades galegas, os fillos, menores legalmente ao seu cargo e orfos de funcionarios (todos eles menores de 25 anos e non emancipados), SEMPRE QUE NON REPITAN CURSO	APERTURA EXPEDIENTE	19 €	30 €
	SERVIZOS XERAIS	11 €	
	IMPORTE POR IDIOMA	—	
Alumnado antigo, actual, e trasladado doutras EOI de Galicia			
Alumnado sen dereito á exención	APERTURA EXPEDIENTE	—	81 €
	SERVIZOS XERAIS	11 €	
	IMPORTE POR IDIOMA	70 €	
Familia numerosa de categoría xeral	APERTURA EXPEDIENTE	—	40,50 €
	SERVIZOS XERAIS	5,50 €	
	IMPORTE POR IDIOMA	35 €	
FUNCIONARIOS/AS e persoal laboral en activo da Consellaría de Educación e O.U. e universidades galegas, os fillos, menores legalmente ao seu cargo e orfos de funcionarios (todos eles menores de 25 anos e non emancipados), SEMPRE QUE NON REPITAN CURSO	APERTURA EXPEDIENTE	—	11 €
	SERVIZOS XERAIS	11 €	
	IMPORTE POR IDIOMA	—	

Os prezos arriba indicados son para 1 idioma: se un alumno se matricula en máis dun idioma deberá multiplicar a cifra do importe por idioma polo número de idiomas en que se matricule.

OUTRAS TAXAS

CURSOS MONOGRÁFICOS		TOTAL
Alumnado novo (matricúlase por 1ª vez nunha EOI)	APERTURA EXPEDIENTE	19 €
	SERVIZOS XERAIS	11 €
	+ 3 € por hora de curso	
Alumnado antigo, actual, e trasladado doutras EOI de Galicia	APERTURA EXPEDIENTE	—
	SERVIZOS XERAIS	11 €
	+ 3 € por hora de curso	
PROBA DE CLASIFICACIÓN		15 €

EXENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS

Están exentos do pagamento dos prezos públicos:

- Os membros das familias numerosas de categoría especial.
- As persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.
- As vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos.

IMPORTANTE: DEBERASE ACREDITAR DOCUMENTALMENTE
CON COPIA E ORIXINAL O DEREITO A TODAS AS EXENCIÓNS E DESCONTOS.